



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Empresa: Introducción á xestión empresarial

|                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |        |       |              |
|-----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|-------|--------------|
| Materia               | Empresa:<br>Introducción á<br>xestión<br>empresarial                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |        |       |              |
| Código                | V12G320V01201                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |        |       |              |
| Titulación            | Grao en<br>Enxeñaría<br>Eléctrica                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | FB     | 1     | 2c           |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |        |       |              |
| Departamento          | Organización de empresas e márketing                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |        |       |              |
| Coordinador/a         | Urgal González, Begoña                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |        |       |              |
| Profesorado           | Alvarez Llorente, Gema<br>Garrido González, María Luz<br>Gonzalez Santamaria, Pedro<br>González Vázquez, Beatriz<br>Gonzalez-Portela Garrido, Alicia Trinidad<br>Lopez Vidal, Maria Pilar<br>Lorenzo Paniagua, Javier<br>Sinde Cantorna, Ana Isabel<br>Urgal González, Begoña                                                                                                                                                                               |        |       |              |
| Correo-e              | burgal@uvigo.es                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |        |       |              |
| Web                   | http://fatic@uvigo.es                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |        |       |              |
| Descrición xeral      | Esta materia ten por obxecto dar a coñecer que é unha empresa e as partes que a compoñen, tratándose a función que cumpre cada unha delas. Así mesmo, introducirá conceptos cuxo coñecemento é básico no eido da empresa, e algunhas ferramentas para a análise e a toma de decisións de xestión empresarial. Seguindo as directrices propias da titulación, nesta guía recóllense os principais aspectos polos que se rexerá o desenvolvemento da materia. |        |       |              |

## Competencias de titulación

|        |                                                                                                                                  |
|--------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código |                                                                                                                                  |
| A9     | CG9 Capacidade de organización e planificación no ámbito da empresa, e outras institucións e organizacións.                      |
| A19    | FB6 Coñecemento adecuado do concepto de empresa e marco institucional e xurídico da empresa. Organización e xestión de empresas. |
| B1     | CT1 Análise e síntese.                                                                                                           |
| B2     | CT2 Resolución de problemas.                                                                                                     |
| B7     | CT7 Capacidade para organizar e planificar.                                                                                      |

## Competencias de materia

| Resultados previstos na materia                                                                                              | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|
| Coñecemento adecuado do concepto de empresa e marco institucional e xurídico da empresa. Organización e xestión de empresas. | A19                                   |
| Capacidade de organización e planificación no ámbito da empresa, e outras institucións e organizacións.                      | A9                                    |
| Análise e síntese.                                                                                                           | B1                                    |
| Resolución de problemas.                                                                                                     | B2                                    |
| Capacidade de organizar e planificar.                                                                                        | B7                                    |

## Contidos

|      |
|------|
| Tema |
|------|

|                                                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Tema 1: A EMPRESA                                                                                                  | 1.1 O concepto de empresa.<br>1.2 A función da empresa.<br>1.3 A empresa como sistema.<br>1.4 A contorna da empresa.<br>1.5 Os obxectivos da empresa.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Tema 2: CLASES DE EMPRESAS                                                                                         | 2.1 Criterios económicos de clasificación empresarial.<br>2.2 Criterios xurídicos de clasificación empresarial.<br>2.3 A franquicia.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| Tema 3: O SISTEMA FINANCEIRO (PARTE I)                                                                             | 3.1 Estrutura económico-financeira da empresa.<br>3.2 Fondo de rotación.<br>3.3 Ciclo de explotación e Período medio de maduración.<br>3.4 Fondo de rotación mínimo.<br>3.5 Os resultados da empresa.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Tema 4: O SISTEMA FINANCEIRO (PARTE II).<br>INVESTIMENTO                                                           | 4.1 Concepto de investimento.<br>4.2 Clases de investimentos.<br>4.3 Criterios para a avaliación e selección de investimentos.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Tema 5: O SISTEMA FINANCEIRO (PARTE III).<br>FINANCIAMENTO                                                         | 5.1 Concepto de fonte de financiamento.<br>5.2 Tipos de fontes de financiamento.<br>5.3 Financiamento externo a curto prazo.<br>5.4 Financiamento externo a longo prazo.<br>5.5 Financiamento interno ou autofinanciamento.<br>5.6 Solvencia e liquidez.                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| Tema 6: O SISTEMA DE PRODUCCIÓN (PARTE I).<br>ASPECTOS XERAIS                                                      | 6.1 Función de produción.<br>6.2 Clasificación das actividades produtivas.<br>6.3 Clasificación dos procesos produtivos.<br>6.4 Eficiencia.<br>6.5 Produtividade.<br>6.6 Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| Tema 7: O SISTEMA DE PRODUCCIÓN (PARTE II).<br>OS CUSTOS DE PRODUCCIÓN                                             | 7.1 Concepto de custo.<br>7.2 Clasificación dos custos.<br>7.3 Cálculo do custo de produción.<br>7.4 Limiar de rendibilidade.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Tema 8: O SISTEMA DE PRODUCCIÓN (PARTE III).<br>CAPACIDADE, LOCALIZACIÓN E INVENTARIOS                             | 8.1 Capacidade de produción e localización.<br>8.2 Xestión e control de inventarios.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| Tema 9: O SISTEMA DE COMERCIALIZACIÓN                                                                              | 9.1 O mercado.<br>9.2 A competencia.<br>9.3 O sistema de comercialización.<br>9.4 Marketing-mix.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Tema 10: EL SISTEMA DE ADMINISTRACIÓN                                                                              | 10.1 O sistema de dirección.<br>10.2 O sistema humano.<br>10.3 O sistema cultural.<br>10.4 O sistema político.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| PRÁCTICAS DA MATERIA<br>* A programación das prácticas pode experimentar cambios en función da evolución do curso. | Práctica 1: A definición de empresa (i)<br>Práctica 2: A definición de empresa (ii)<br>Práctica 3: O sistema financeiro (i)<br>Práctica 4: O sistema financeiro (ii)<br>Práctica 5: O sistema financeiro (iii)<br>Práctica 6: O sistema financeiro (iv)<br>Práctica 7: O sistema financeiro (v)<br>Práctica 8: O sistema de produción (i)<br>Práctica 9: O sistema de produción (ii)<br>Práctica 10: O sistema de produción (iii)<br>Práctica 11: O sistema de produción (iv)<br>Práctica 12: O sistema de produción (v) |

| Planificación                                |               |                    |              |
|----------------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
|                                              | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Sesión maxistral                             | 32.5          | 45.5               | 78           |
| Prácticas de laboratorio                     | 20            | 40                 | 60           |
| Probas de tipo test                          | 3             | 0                  | 3            |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 3             | 6                  | 9            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente |
|---------------------|
| Descrición          |

|                          |                                                                                                                                                                                                                           |
|--------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Sesión maxistral         | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.                                        |
| Prácticas de laboratorio | Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos con equipamento adecuado. |

### Atención personalizada

| Probos                                       | Descrición |
|----------------------------------------------|------------|
| Probos de tipo test                          |            |
| Probos de resposta longa, de desenvolvemento |            |

### Avaliación

|                                              | Descrición                                                                                                                                                                            | Cualificación |
|----------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Probos de tipo test                          | Probos que se realizarán ao longo do curso, tanto nas clases de teoría coma de prácticas, distribuídas de forma uniforme e programadas para que non interfiran no resto das materias. | 30            |
| Probos de resposta longa, de desenvolvemento | Proba final que pode conter parcial ou totalmente os contidos da materia desenvolvidos nas clases de teoría e de prácticas.                                                           | 70            |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Seguindo as directrices propias da titulación e os acordos da comisión académica ofrecerase aos alumnos que cursen esta materia un sistema de avaliación continua.

A avaliación continua constará dun conxunto de probas de control planificadas e desenvolvidas ao longo do curso, tanto nas clases de teoría como nas de prácticas, que se completará cunha proba final que cubrirá total ou parcialmente a materia. O peso das probas de control (un total de tres) na cualificación final será dun 30%. Estas probas realizadas ao longo do curso non liberan materia, senón que cada unha delas versará sobre os contidos vistos ata o momento de realización da proba, tanto en clases de teoría como de prácticas. Debido a isto, a cualificación resultante destas probas obterase aplicando unha media ponderada (Proba 1: 20%; Proba 2: 30%; Proba 3: 50%). Así mesmo, estas probas non son recuperables, é dicir, si un alumno non pode cumprilas no prazo estipulado o profesor non ten obriga de repetírlas.

O estudante ten dereito a coñecer a cualificación obtida en cada proba nun prazo razoable trala súa realización ou entrega.

A cualificación obtida nas probas de control será válida tan só para o curso académico no que se realicen.

2. Para superar a avaliación continua o alumno deberá superar 2/3 das probas de control realizadas, entregar as tarefas propias da materia e superar as prácticas. Os alumnos que non superen a avaliación continua terán que ir ao exame final coa totalidade da materia.

Os alumnos que cumpran os requisitos da avaliación continua terán que realizar unha proba final reducida que supoñerá un 70% da nota que se sumará á nota obtida na avaliación continua (o 30% restante). No entanto, estarán exentos da realización de dita proba final reducida aqueles alumnos que, habendo superado a avaliación continua, teñan superada a última proba (que versará sobre todos os contidos da materia). Neste último caso, a cualificación do alumno calcularase como a media ponderada das cualificacións obtidas nas probas de control realizadas (aplicando as porcentaxes de ponderación xa sinaladas). A mencionada exención queda suprimida no caso de que a media ponderada das cualificacións obtidas en ditas probas non sexa como mínimo de Aprobado.

Os alumnos que non realicen as probas de avaliación continua ou non as superaron terán que realizar un exame final de toda a materia. Nesta proba avaliaranse todos os contidos desenvolvidos na materia (clases teóricas, prácticas de laboratorio e traballos). Este exame comporase de dúas partes, unha parte teórica e outra práctica. Esixíndose a obtención dunha puntuación mínima en cada parte para superar devandito exame.

Si un alumno realizou algunha das probas de control correspondentes á avaliación continua e non aproba a materia recibirá unha cualificación de Suspenso, independentemente de que se presente ao exame final ou non.

3. Alumnos que non optan por avaliación continua

Aos alumnos que non opten pola avaliación continua ofreceráselles un procedemento de avaliación que lles permita alcanzar a máxima cualificación. Este procedemento consistirá nun exame final que inclúa os contidos desenvolvidos nas clases de teoría e de prácticas e na entrega de tarefas adicionais. Dito exame terá dúas partes, unha parte teórica e outra práctica. Esixíndose a obtención dunha puntuación mínima en cada parte para superar devandito exame.

4. Sobre a convocatoria de recuperación (xullo)

Para a convocatoria de recuperación (xullo), o alumno que non aprobase a materia elixe se desexa ser reevaluado sobre a máxima nota posible ou se lle aplica o procedemento de avaliación estipulado na materia mantendo a nota obtida nas tarefas previas. Por defecto, ao alumno gárdanselle os resultados das probas realizadas (sempre que alcance o mínimo esixido para superalas) podendo optar no momento do exame pola realización íntegra do mesmo.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

Barroso Castro, C. & outros, **Economía de la empresa**, 2010,

Fernández Sánchez, E. & otros, **Iniciación a los negocios para ingenieros. Aspectos funcionales**, 2008,

Moyano Fuentes, J. & otros, **Administración de empresas: un enfoque teórico-práctico**, 2011,

Piñeiro, P. & otros, **Introducción a la economía de la empresa: una visión teórico-práctica**, 2010,

Alegre & outros (2000): Fundamentos de economía de la empresa: perspectiva funcional, Ariel Economía.

Bueno Campos, E. (2010): Curso básico de economía de la empresa, 4ª ed., Pirámide.

Bueno Campos, E. & outros (2000): Economía de la empresa. Análisis de las decisiones empresariales, Pirámide.

Fernández, E. (2010): Administración de empresas, Thompson Paraninfo.

Laborda Castillo, L. & Rafael de Zuani, E. (2005): Introducción a la gestión empresarial: fundamentos teóricos y aplicaciones, Universidad de Alcalá de Henares.

Luque de la Torre, M.A. & outros (2001): Curso práctico de economía de la empresa. Un enfoque de organización, Pirámide.

Pérez Gorostegui, E. (2009): Curso de introducción a la economía de la empresa, Editorial Universitaria Ramón Areces.

Triado, X. & Aparicio, P. (2011): Administración de la empresa: teoría y práctica, McGrawHill.

---

#### **Recomendacións**